

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Unión de Federacións Deportivas Galegas asinan un convenio para colaborar en proxectos formativos

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) e a Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) asinaron esta mañá un acordo de colaboración, co obxectivo principal de poñer en marcha proxectos, accións ou actividades que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos que se consideren e acorden de forma conxunta.

Ambas as dúas partes comprometéronse a promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as dúas entidades, co fin de obter un desenvolvemento dinámico e efectivo do Acordo.

As iniciativas emanadas deste convenio estarán a disposición das Federacións deportivas, clubs, técnicos, árbitros e deportistas galegos, co fin de contribuír na dinamización da actividade federativa deportiva.

O acordo tamén estipula a creación dunha comisión formada por membros da UFEDEGA e COPG co obxectivo de tomar decisións operativas e organizativas para a posta en marcha de calquera actuación e proxecto conxunto.

Na firma do convenio estiveron presentes M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG e Bruno López Vicepresidente da UFEDEGA.

Dito convenio renovarase tácita ou expresamente, de forma indefinida.

Contacto para os medios de comunicación:

Eliana Martíns

699 908 968 | comunicacion@copgalicia.gal